

## A Biblioteca do IES Ponteceso ...


... deséxache un fermoso e refrescante verán, iso si, acompañado dun bo libro

FELICES  
VACACIÓNS!!!!!!




CONSULTA O NOSO BLOG  
[biblioaponte.blogspot.com](http://biblioaponte.blogspot.com)

OU MÁNDANOS  
UNHA MENSAXE  
[biblioaponte@gmail.com](mailto:biblioaponte@gmail.com)



*Cartas de amor*  
Fran Alonso

O título é algo enganoso, mais o autor avisa: "non penses que son cartas de amor convencionais". E aclara que "o amor e o desamor poden ser o motivo que leva as mulleres protagonistas destas historias a redactar as cartas. Pero nada máis".



*La soledad de los números primos*  
Paolo Giordano

Mattia e Alice, os protagonistas deste libro, son como os números primos xemelgos: sempre xuntos pero distantes, sen chegar a tocarse nunca entre

un mar de xente que os rodea. E como eses números primos, saben que o único que lles cómpre é saltar esa barreira; un xesto, unha palabra será suficiente para que o número que os aparta se esvaeza, pero as cousas nunca son tan fáciles.



Recoméndoche...  
Lecturas para o verán

**BIBLIOTECA  
DO IES  
PONTECESO**

**2º CICLO DE ESO**



Verán 2011

### **Futuro imperfecto**

**Xulia Alonso**



Vida e literatura ás veces camiñan á par. Iso acontece neste libro, no que Xulia Alonso narra a historia máis importante da súa vida: a do seu amor por Nico e a da experiencia da súa perda por culpa das drogas.

### **O alquimista**


**Paulo Coelho**



Este libro narra a historia dun pastor chamado Santiago que decide mudar a súa vida para conseguir que se cumpra o seu soño: atopar un tesouro enterrado nas pirámides de Exipto. Ao iniciar a súa aventura vai descubrindo os grandes misterios que acompañan á humanidade. Descubrirá que o verdadeiro tesouro é o camiño e non a meta.


### **Diario**

**Ana Frank**



O 12 de xuño de 1942 Ana Frank recibe como regalo de aniversario un diario que se converte no seu mellor amigo, e no que conta todas as súas preocupacións e sentimentos

durante a súa estancia nun agocho en Holanda, debido a persecución que sofre o pobo xudeu por parte dos nazis. Nas palabras de Ana Frank



### **Génesis**

**Bernard Beckett**


Nun futuro non moi lonxano, unha estudante chamada Anaximandro preséntase ao estrito exame de ingreso na

Academia, o órgano de goberno da utópica sociedade na que se criou. Ao longo de varias sesións extenuantes, as preguntas do tribunal que a examina, fanlle descubrir unha verdade que fará que tremen os alicerces nos que se asenta o seu mundo.



### **Quen matou a Inmaculada Silvia?, Marina Mayoral**

Etel é unha rapaza que está namorada de Juancho, o seu compañeiro de clase. Ela decide ser escritora nun futuro, e comeza a exercer o seu oficio baseándose na historia da súa tía avoa, Inmaculada Silva, e na estraña relación que mantivo con Antón do Cañote. A novela vai desenvolvendo ao mesmo tempo a relación amorosa entre Juancho e Etel e a investigación da misteriosa historia de Inmaculada Silva.



### **O curioso incidente do can á medianoite**

**Mark Haddon**

**Christopher Boone**

ten quince anos, é un experto en ciencias e matemáticas, sabe as capitais de todos os países do mundo e os números primos ata o 7.507, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas.



### **¡Indignaos! Stéphane Hessel**

Prólogo de José Luis Sampedro



Un algarife contra la indiferencia y a favor de la insurrección pacífica

DESTINO

Stéphane Hessel ten noventa anos e unha vida dedicada a loitar pola liberdade e os dereitos humanos. Neste libro propón un berro de protesta contra o mundo en decadencia no que vivimos. Do texto surxe un chamamento a unha insurrección pacífica contra o modelo capitalista actual.

**Recoméndoches... moitas lecturas**



Falou o sofá da biblio